

1ª XUNTANZA DE AULA

1.-PRESENTACIÓN

Ante todo moitas gracias por vir. Como xa sabedes, eu son Noelia, a titora da aula. Este mes de Setembro estará con nós na aula Nazaret, e logo, durante o curso axudárame en comedor.

Presentación da escola, dos Pais/Nais, e da Aula.

Para os que non coñecedes a Escola dicirvos que hai 8 aulas (115 nen@s).
2 aulas de Bebés_ 8 nen@s en cada aula
3 aulas de 1 a 2 anos_ 13 nen@s en cada aula
3 aulas de 2 a 3 anos_ 20 nen@s en cada aula

A escola é pequena, e coñecémonos todos. Ademais das titoras das aulas e os apoios, están as cociñeiras (Adela e Pilar), a profesora de Inglés (Silvia), e a directora (Berta).

O horario xeral da Escola é de 8h a 16h, excepto en adaptación e no mes de Xullo, no cal teremos horario reducido de 8h a 15h. En Nadal e Semana Santa haberá reagrupacións e pode que os nen@s estean con outra profe e en outra aula.

De 8h a 9h están na aula 3, todos xuntos, excepto os bebés. De 9h a 10h están xuntos nunha aula os de 1 ano e noutra aula os de 2 anos. De 10h a 13h, cada un na súa aula. Comedor, cada grupo na súa aula. De 14h a 16h dormitorio. Os que non dormen, xogando nunha aula.

Na nosa aula somos 20 nen@s, 12 nenos e 8 nenas, de 2 a 3 anos. O intervalo de idade vai de Febreiro a Decembro de 2017.

Para irnos coñecendo podedes ir presentándovos, dicir o voso nome e de quen sodes pais/nais, e se queredes, comentade algo.

Para irnos coñecendo entre todos necesito que traiaades dúas fotos tamaño 10x15cm. Unha do nen@ só (de cerca, nun primeiro plano), e outra do nen@ coa familia (pais e irmáns).

Tamén vos pido que fagades “unha carta de presentación” do nen@. Isto é: nunha cartolina tamaño folio (e só por unha cara), facer unha pequena presentación do nen@. Comezaredes poñendo Eu son (nome do nen@ e unha foto) e Gústame (por ex. Ir ó parque, ler contos.. 3 ou 4 cousas acompañadas de fotos ou imaxes). Ten que vir plastificado, xa que logo de traballar con elas na aula viaxarán as 20 páxinas polas casas de cada un, e así non se estropean. A fecha tope para traer as fotos e o “Eu son... é o xoves 12 de Setembro.

2.- A ADAPTACIÓN

Quero falarvos un pouquiño de como van a ir estes primeiros días e semanas.

- Ante todo moita Paciencia!! Tede en conta que para eles é unha situación nova (veñen das vacacións do verán, onde estiveron máis tempo con vós), e costará un pouquiño separarase. Para os que entran novos, é unha situación descoñecida.
- Cada nen@ terá o seu propio ritmo de adaptación, non hai que apurarse nin comparar con outros nen@s.
- Estes primeiros días irán coñecendo aos outros nen@s, a aula... Intentade que se vaian soltando, deixándolles espazo, non estar encima deles, e se non se vos despegan intentade acercalos a outros nenos, que xoguen con eles, pero sen agobialos...
- O primeiro día, puideron estar os irmáns na aula, a partir de agora xa non. Segundo vaia vendo aos nen@s, ireivos dicindo que saíades un ratiño (esperaredes no patio), para ver como reaccionan. Iremos aumentando pouco a pouco eses tempos sen a vosa compañía. Sairedes e entraredes cando eu volo diga.
- A despedida será clara e breve, non vos eternicedes esperando a que chore. Non utilicedes a chantaxe. Eu recomendo que vos despedades sempre, pero sodes vós quen mellor coñecedes aos vosos fillos.
- Avisarvos que se poden dar recaídas na adaptación, pode ser que as primeiras semanas non choren e logo si, e que esta nova situación de vir á escola pode producir cambios no comportamento do neno (máis apegados, susceptibles), tamén se poden dar cambios nos ritmos de sono, comidas, etc..

3.-DINAMICA DA AULA

Pouco a pouco iremos collendo ritmos e pequenas dinámicas: xuntarnos para ver un conto, almorzar xuntos...pequenas cousas que pouco a pouco nos levarán a seguir a dinámica de aula. Aprendendo as normas de aula, xogar en cada recanto, recoller...

- * Recibimento. Xogos nos distintos espazos, recantos...
- * Encontro. Saúdo e momento de comunicación entre todo o grupo. Pasar lista, mirar o tempo que vai, ver que imos comer, conto...
- * Almorzo, podedes participar de forma activa pois é moi enriquecedor que eles traian para compartir, ademais encántalles, para isto poñerase unha folla cos días do mes e nela iranse apuntando as familias e o que van traer (lembrade que somos 20). Anímovos a participar, e que non sexan sempre os mesmos os que traen os almorzos. (Froita, fiambre, iogur de beber, galletas, palitos). Cando vos apuntedes, escribide exactamente o que ides a traer por se hai algún intolerante ou alérxico.
Se traedes froita, como sandía ou melón, traédea cortada.
- * Xogo libre.

- * Actividade de Psicomotricidade no patio, 20min. Xogo dirixido, e logo xogo libre: aros, pelotas, circuío, raquetas, patíns, carreiras...
- * Inglés (luns, mércores e venres) 20 minutos a partir do 23 de Setembro. Profe: Silvia.
- * Voz Natura: un día á semana 20 minutos. Juan Carlos
- * Actividades manipulativas diversas. Referentes ao centro de interese que esteamos traballando ou traballos de mesa (plastilina, punzón, tesoiras, gomets).
- * Preparar os comilóns.
- * Comedor.

OS CENTROS DE INTERESE

Neste primeiro trimestre:

- * FACEMOS AMIGOS
- * O OUTONO E SAMAÍN
- * TEMÁTICA
- * OS REIS MAGOS

*SAÍDAS: Temos programadas varias saídas pero aínda non temos confirmadas as datas polo que o iremos comunicando con tempo porque para algunha necesitaremos acompañantes.

- Bombeiros. (Imos de Viaxe)
- Biblioteca. (Os Contos)
- Acuarium. (Os Animais)
- Piscina. (A Auga)
- Lonxa
- Mercado de Antón
- Museo de Belas Artes

Ao final de curso será a saída á piscina de Acea da Ma e quedaremos a comer alí todos xuntos, e necesitaríamos un mínimo de 11 nen@s.

En cada centro de interese faremos dúas fichas (caseiras), que colgarei nunhas pinzas para que as vexades, e levarédelas a final de curso.

Se queredes animarvos podedes vir a contar contos, cantar cancións, facer cos nen@s algunha actividade relacionada co centro de interese que esteamos a traballar en ese momento... só tedes que comentarmo e organizámolo.

4.- OUTROS PUNTOS DE INTERESE

A COMUNICACIÓN FAMILIA ESCOLA

Desde a escola queremos favorecer un clima de confianza e boa comunicación, polo que contamos con:

- * **Unha enquisa inicial** da escola que tedes que cubrir e devolverme canto antes. Os novos cando a cubrades, quedamos un ratiño para comentala.
- * A comunicación día a día na aula, cando chegades ou marchades. Perdoade se ás veces estou liada e non vos fago moito caso.
- * **Recanto de pais e nais**, que tedes que mirar con regularidade e onde atopamos circulares da escola, programacións.... Está ao lado da porta da aula.
- * **A libreta de aula** onde se contará o que fixemos durante o día e que comezará en outubro, unha vez superada a adaptación, para que saibades como foi a mañá, e poidades comentar cos nen@s o que fixemos. Tamén poño algún recadiño de vez en cando.
- * **As xuntanzas de aula** (dúas no curso). Esta e outra antes do Entroido (na 2ª ou 3ª semana de Xaneiro as 16;30)
- * **As titorías** (momentos de comunicación individualizada entre a titora e os pais). Avisádesme
- * **Os sobres dos nenos/as e da titora**. Cando vexades aí un papel é para que o LEVEDES. Cando sexa de cubrir, TRAÉDEO antes da data, para non ter que ir reclamando un por un.
- * **A pizarra de control de esfínteres e comedor**.
- * Páxina web (eiarela.com)
- * Blog Voz Natura
- * Facebook

OUTRAS COUSAS DE INTERESE

- Dúas Festas con Pais (Nadal, o 20 de decembro, e Entroido o 21 de febreiro). Sempre pola mañá e só con un acompañante por nen@, por causa de espazo. Samaín (só nen@s).
- Non se pode entrar a xogar no patio antes das 9:50.
- Hai que prever que o neno pode poñerse enfermo en calquera momento e se iso sucede chamáremosvos para que veñades a buscalo (febre a partir de 37´5) pois non podería estar na escola, nin por el nin polos outros. Se marcha un día con febre, NON debe vir ao día seguinte. Se ten febre, tedes que vir a buscalo. Se eu o vexo roncho, pero sen febre, chámovos, e vos valorades se vindes a buscalos ou non.
- Se tivera algún síntoma grave de enfermidade ou levara un golpe e non se puidera esperar, eu mesma encargaríame de levalo a urxencias , pois da miña man non podería darlle ningún tipo de medicación. Vaise o centro médico que derive o seguro, dependendo do incidente.

- Na escola non se dá ningunha medicación. Tedes que facer coincidir as tomas fóra do horario ou se non tedes que vir vós a darllo. No caso de que o medicamento teña que administrarse en horario escolar tedes que traer un certificado médico que o xustifique e firmar unha autorización.
- Prepararse para os malos momentos : conflitos, caídas, golpes, mordiscos, encontros entre eles... E por favor, UÑAS CORTAS.
- Avisarnos cando haxa algún cambio na persoa que o vén a buscar. Os menores de 18 anos non poderán recoller os nenos.
- Para cambios de horarios tedes que avisar na oficina e á titora.
- Recordar que é moi importante a puntualidade na entrada e na saída da escola. Entrada de 10 a 10:15 e saída a partir das 12:45. Os que non comen, poden quedarse ata as 14h, máis tarde non. Lembrao o horario que tedes contratado. A Escola abre as portas ás 8h, non antes. Se tedes a hora de 9h a 10h , NON podedes entrar antes das 9h, nin a menos cinco, ou cóbrasevos a hora enteira. E se entran ás 10h, non podedes entrar a menos cinco.
- Nos cumpres NON podedes traer bolsas de chuches (devólvoas). Celebrámolo no almorzo. Podedes traer un biscoito, un par de bolsas de gusanitos para compartir e zume.
- Non se recomenda aumentar horarios no mes de xuño e xullo sobre todo o comedor.
- Recordade que as normas administrativas están na entrada.
- Non se poden deixar as cadeiras dos nenos na escola, unha vez superada a adaptación.
- Non debedes colgar fotos de outros nenos nas redes sociais.
- Coidado con mandar ós nen@s con xoguetes moi pequenos, moedas... poden ser perigosos, voullos quitar. Mellor coleta que pinzas, se son pequenas poden metelas na boca. Nin que veñan tomando caramelos e chicles. Poden traer xoguetes ou contos, sempre co nome, e que sexan cousas que non vos importe que se poidan romper ou perder.
- Normalmente, durante o curso temos alumnos de prácticas, aos cales non podedes deixarlles os nenos, nin darlle recados. Calquera cousa decídesma a min.

COMENTAR A LISTA DE COUSAS QUE DEBEN TRAER PARA OS NENOS

O COMEDOR

O comedor tamén é un momento que consideramos educativo, buscamos a autonomía, e que sexa un momento pracenteiro. O xantar está elaborado na escola. Buscamos que pouco a pouco os nenos se vaian familiarizando cos diferentes alimentos, que os acepten pouco a pouco e que os proben sen anguria. Cómense xeralmente dous pratos e postre. Sérvense os pratos segundo o neno, non todos comen a mesma cantidade. Se xa sei que algo non lles gusta nada, pois póñoille pouca cantidade. Cando de postre hai froita, non é unha peza enteira, a metade... Poden repetir.

- Comemos na aula.
- Haberá un panel onde se rexistre que tal comeron

A forma de motivar dende a escola é a seguinte:

Se non e bo comedor

- Hai que probar un pouco do primeiro prato “unha e marcha o prato”
- Igual co segundo para que veña o postre.
- Facemos tratos de dúas , tres... e marcha a comida, a metade....
- Se se nega a probar nada, queda sin postre. A non ser que vós digades o contrario.

Despois de xantar lavan os dentes e a cara. Cando van rematando teñen que esperar a súa quenda para ir ao baño.

Non se pode recoller ós nenos antes das 13:50h. Se aínda non rematamos, tedes que esperar.

Os panos levaranse todos días para lavar e quedarán dentro da bolsa na percha dos nen@s, mentres que o mandilón recollerase soamente os venres.